

LITERATURA INFANTIL E XUVENIL • ELOS DE LECTURA

COORDINA Blanca-Ana Roig Rechou




Ruptura de roles. A cazadora de estrelas, de María Canosa

TEXTO Marta Neira
LITER21-USC

Na primavera de 2017 saía a lume *A cazadora de estrelas*, de María Canosa (Cee, 1978), unha obra que en dúas ocasións petou á porta do Premio Merlín, convocado por Edicións Xerais de Galicia, ao ser finalista na edición do ano 2015 e na de 2016.

Dedicada “A Ana, para que sempre saiba cazar estrelas e soños” e dividida en vinte capítulos titulados, esta obra presenta unha protagonista, Megumi, cazadora de puntería certa, intelixente, valente e arriscada, que non dubida en mudar o seu físico e romper coas normas da sociedade na que vive, e mesmo abandonala, por lealdade á súa compañeira, a egua Turrón.

A amazona e a súa besta destacan polo bo facer na caza de estrelas, permitida unicamente ás mulleres de cabelo louro, requisito indispensable para a realización dese oficio máis que, a diferenza dos homes, as imposibilita para ocupar postos directivos ou de representación na comu-



nidade na que viven. Esa habelencia das protagonistas provoca a envexa dos compañeiros, especialmente de Zeus, quen non dubida en recorrer a malas artes para conseguir os seus obxectivos e superar a Megumi.

O amor por Turrón e por eses corpos ce-

lestes con luz propia que a moza captura, mais que tamén coida con auga con limón e azucre para que se recuperen, lévaa a indagar sobre o traballo realizado no Observatorio de estrelas da comunidade que, para sorpresa da protagonista, está moi lonxe do esperado e desexado. Así, as súas descubertas lévana a enfrontarse a quen sexa preciso, incluída a máxima autoridade da comunidade, quen finalmente resultará un aliado con quen a cazadora de estrelas argallará as ideas necesarias para mudar a sociedade na que viven e na que o aspecto físico é unha cuestión que condiciona a vida dos membros desa comunidade, sobre todo das mulleres.

A amizade, a violencia e o respecto por seres indefensos, a ruptura de roles establecidos ou o valor das persoas polas capacidades e non por condicionantes doutra natureza son temas presentes en *A cazadora de estrelas*, obra publicada por Edicións Xerais de Galicia para unha franxa de idade de “9 anos en diante”. Trátase dun relato que dá conta do bo facer de María Canosa na produción literaria infantil e xuvenil galega, escritora que no outono pasado viu saír do prelo Muriel, obra gañadora do Premio Merlín 2017 que, de seguro, será obxecto de lectura en moitos fogares galegos e que sería mágoa que eclipsara a obra precedente da autora, *A cazadora de estrelas*. marta.neira1@gmail.com

O galego e a espontaneidade para contar as tradicións

TEXTO Giulia Vezzaro



Manter vivas as tradicións populares e o idioma galego máis sinxelo e natural é moi importante a día de hoxe para os adultos que teñen que implicarse en que a nenez non esqueza xamais de onde vén e, o máis importante, quen é.

Un dos nosos dramaturgos máis importantes, gañador da primeira edición do concurso de teatro infantil *O Facho*, Euloxio Rodríguez Ruibal (Ordes, 1945), conseguiu precisamente este reto na súa primeira obra dedicada á narrativa infantil e xuvenil, *Formigas, risas, flores e dinosauros*, publicada na editorial Galaxia na súa colección “Árbore”. Ruibal, na actualidade profesor da Universidade de Santiago de Compostela, dramaturgo e escritor, logrou nesta pequena obra composta por catro breves contos que, a través da imaxinación máis natural, tanto adultos coma nenos compartan visións da vida que non se poderían aceptar e comprender no mundo real, sempre acompañados pola garimosa e implicada man do autor.

Os relatos titúlanse “A formiga revirada”, “O xardín de Claudia”, “Unha triste perda” e “Santi e máis Iago”. Son todos grandes tesouros nos que podemos emocionarnos, rir, reflexionar, aprender e ensinar se temos en consideración a calidade da escritura e a cantidade de temas tratados: a familia e os amigos, a liberdade e a xustiza, as diferenzas raciais, a forza para loitar no que cremos, a pouca importancia do material fronte ao que realmente nos fai felices e a falta de prexuízos.


Todas elas cuestións que poderían chegar a mostrarnos o mundo de maneira distinta para facer del un lugar mellor. Ademais, se por unha banda a presenza duns pais algo superficiais pode chamarnos a atención para que nos fixemos máis nas necesidades dos nenos, pola outra o feito de protagonistas femininas en dous dos contos levará á infancia a reflexionar sobre cuestións de xénero, vixentes hoxe en día.

As hiperbólicas laranxas, corenta e cinco anos despois

TEXTO Celestino Amarante

Reparamos no facsímile da peza infantil *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, homenaxe do Consello da Cultura Galega a Carlos Casares. A edición non venal nun estoxo contén un libro co limiar de Ramón Villares; un estudo de Montse Penas Presas, a reprodución facsimilar e postais das ilustracións de Luís Seoane.

Do estudo de Montse Penas, agrádecese que por vez primeira se cite e reproduza o material das “fontes documentais”, mágoa non estar en acceso libre desde Galicianana. E, por desgraza, aflixe que estudosos como Blanca-Ana Roig Rechou, Manuel Vieites, Ana Luna e Iolanda Galanes entre outros, que desde 1994 sinalan as claves casarianas (tolerancia, fantasía e humor) referidas no estudo, non consten nas “referencias bibliográficas”; e que se cinxa ao proceso de edición e á recepción da peza en 1973, ocultando representacións posteriores, dúas delas feitas por José Caldas in memoriam. tinamarante@yahoo.es




O gatiño nocturno. Do desamparo á esperanza

TEXTO Verónica Pousada
ELOS/CRPIH

Ilustradora e escritora Sonja Danowski presenta en *O gatiño nocturno* (Lata de Sal, 2017) unha realidade cruenta e desalmada: os refuxios cheos de animais abandonados, aderezada con pingas de esperanza e bondade. É a historia de Toni, un neno que doa todos os seus xoguetes á tómbola solidaria que celebra o centro de acollida de animais para recadar fondos. Alí coñece a Valentín, un gato que adora a música e que deseguido pasa a ser da súa familia.

Reflicítese a necesidade de que a sociedade consumista perciba o valor dos sentimentos por riba das posesións materiais e de que valore os animais como seres vivos, non coma obxectos.

O protagonista consegue que o lector reflexione sobre a solidariedade e o altruísmo como principios básicos para a creación dun mundo mellor. Ilustración, texto e música compoñen un álbum de sensacións, delicadeza e maxia que evoca o poder do amor e da xenerosidade. pousadascr@gmail.com



Contando de un a dez con Maurice Sendak

TEXTO Sara Reis
UMINHO/ELOS/LIJMI

Kalandra saca do prelo *O un era Xoán*. Un libro para contar de Maurice Sendak (1928-2012), orixinalmente publicado en 1962. Partindo dun momento de lectura en sosego, solitaria, silenciosa e individual, Xoán vive a entrada en escena de varios personaxes animais (rato, gato, can, tartaruga, macado, merlo e tigre) e un ladrón, que sorprende ao protagonista. A solución para a algarabía é contar de atrás para adiante, de modo que van saíndo os “invasores”, deixando que Xoán lea atentamente. Xógase coa gradación crecente e decrecente, coa secuenciación numérica que coincide cos momentos actanciais e coa introdución dos personaxes. Salienta a fixeza do escenario, un plano fixo frontal no que se representa sempre a Xoán ao que se van sumando detalles visuais, estratexia próxima ao rexistro cinematográfico. Divertido exemplar para o coñecemento dos números e reencontro co extraordinario Sendak. sara_silva@ie.uminho.pt

